



PERÍODO ESPECIAL DE FORMACIÓN ACADÉMICA SEN ASISTENCIA AO CENTRO (DESDE O 16 DE MARZO DE 2020)

INSTRUCCIÓN PARA CONTINUAR COA ACTIVIDADE DOCENTE

Psicoloxía de 2º da Bach

Ola a todas e todos,

este documento contén as primeiras instrucións para continuar coa actividade docente desde as casas xa que non podemos asistir presencialmente ao instituto. Desde os servizos públicos galegos tanto de sanidade como de educación tomouse a decisión o xoves 13 de marzo de suspender a asistencia aos centros educativos para conter a propagación do virus coñecido co nome de coronavirus pois semella ser a medida máis efectiva para deter a súa propagación.

Desde a Consellaría de educación ditáronse instrucións para que continuásemos a actividade académica por medios telemáticos polo que imos facelo desde todos os departamentos. As instrucións da Consellaría fan un fincapé especial no curso de 2º de Bacharelato pola inmediatez das probas para o acceso á universidade para que continuemos co currículo e iso é o que imos facer. O anterior non quere dicir que os demais cursos da ESO e de Bach non deban atenderse coa mesma interese. Pensade que para as medias (necesarias para becas, ciclos, premios...) tanto da ESO como de Bach teránse en conta todos os cursos ademais de que unha boa preparación nas materias do curso anterior vai facilitar o éxito no seguinte curso. Lembra que é moi importante facer un exercicio de disciplina para manter un certo hábito de traballo e estudo que facilite a volta a actividade normal.

Realizada esta breve introdución comezo a **detallar as actividades** a realizar para cada nivel:

2º BACH

PSICOLOXÍA

-Materia e profesor/a: PSICOLOXÍA. Lupe Morilla

-Tarefa: REALIZACIÓN DE EXERCICIOS DA FICHA CORRESPONDENTE AO TEMA 4.



REMATAR A VISUALIZACIÓN DA PELÍCULA QUE COMEZAMOS EN CLASE E SOBRE A QUE HABERÁ QUE FACER UN TRABALLO

-Data e hora da clase: Mércores 18 e 25, Xoves 26 e Venres 27 de marzo de 2020 ás 8:30, 13:20 e 8:30. Os exercicios serán de repaso do tema 4 visto na aula. Por outra banda, o traballo sobre a película que se enmarca na temática sobre a psicoloxía social e os experimentos en psicoloxía, por ser materia para a 3ª avaliación iremos concretando como será a súa corrección posto que a intención é que os expoñades na aula.

O día Xoves 19 e Venres 20 de marzo manteñense como festivos.

No caso de alongarse esta situación se vos irá entregando novo material para seguir coa programación.

-Temporalización: O prazo de entrega e presentación dos exercicios será o día venres 4 de abril as 14:10 como data tope.

O traballo sobre a película é para finais de abril ou incluso primeiros de maio polo que podedes ir facendoo pero espero podelo correxir segundo o previsto na aula.

-Envío do exercicio realizado: o exercicio escrito debe contar co nome e o grupo de xeito claro. Os exercicios pódense facer a man e envialos como foto ou documento escaneado e enviado a lupemorilla@edu.xunta.es como data tope o venres 4 de abril ás 14:10h. **Todo arquivo** que enviesdes debe ter de inicio **o voso** primeiro apelido, nome e psico2bach. Exemplo se fora eu: **morillalupepsico2bach**. **No asunto** do correo electrónico poñede **psico2bach**.

-Correccións:

CUALIFICACIÓN: as fichas se viran correxindo como as anteriores, neste debedes enviarmas feitas a man e escaneadas ou fotografiadas a través do correo electrónico ou do whatsapp.

INDICACIÓNS CORRECCIÓNS PARA MELLORAR: as indicacións de erros ou formas de mellorar serán feitas mediante o correo electrónico.

PD: as dúbidas que teñades podedes realizadas preferiblemente a través de correo electrónico preferiblemente.

RECORDO O MEU CORREO ELECTRÓNICO

lupemorilla@edu.xunta.es